



# Guía de comunicación e atención ao paciente con TEA

ATENCIÓN SANITARIA E SAÚDE

.....

UNHA REALIDADE QUE AFECTA A

# 1 DE CADA 100

PERSOAS NO MUNDO

.....

.....

**EDITA**

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

**Sede Social**

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

**Centro de Recursos**

Rúa Rodríguez de Viguri, 35

15703 Santiago de Compostela

Tel. +34 981 589 365

info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

**ÁREA DE SAÚDE**

Programas de Atención Sanitaria  
e Saúde

**AUTORÍA**

Cristina Couto Pena

Teresa García Barcala

Edición revisada: 2020

**DESEÑO E MAQUETACIÓN**

Ekinocio Comunicación

**PICTOGRAMAS**

©Sergio Palao para ARASAAC

(arasaac.org) Gobierno de Aragón /

Licenza Creative Commons

(BY-NC-SA)

**IMAXE CUBERTA**

@javiermatheu / unsplash

**RECURSOS GRÁFICOS**

pcr.vector / freepik - adaptados

**IMPRESIÓN**

Difux S.L.

DL: C 1195-2020

*“Non me fales demasiado, nin tampouco rápido.  
As palabras son aire que non pesa para ti, pero  
poden ser unha carga moi pesada para min.  
Moitas veces non son a mellor maneira de  
relacionarte comigo”.*

*Que me pediría unha persoa con autismo? Os 20 conceptos fundamentais.*  
Ángel Rivière

É un reto ter un paciente con trastorno do espectro do autismo?, é unha oportunidade?, podemos identificar ás súas necesidades máis alá da enfermidade, consulta ou situación que o trae ao centro sanitario? Sabemos comunicarnos co noso paciente con TEA? podemos prestarlle unha atención integral?

Son moitas as preguntas que se poden formular cando pensamos en detalle sobre a persoa, o paciente, que chega á consulta sanitaria por motivos relacionados coa súa saúde pero que presenta, de forma engadida, características asociadas ao seu trastorno do espectro autista. O reto pode estar e relacionarse con que ditas características poden chegar a condicionar o obxectivo da asistencia, dende o seu desenvolvemento ata resultado que se agarda dela: a prevención da enfermidade, a curación da mesma o seu tratamento ou seguimento, entre outros. Este condicionamento é algo que, na experiencia da Federación Autismo Galicia coas persoas con TEA e familias, constatamos de xeito continuo e que constitúe unha realidade que pode levar en moitas ocasións e no peor dos casos á renuncia á asistencia coas consecuencias que iso leva para a súa saúde presente e futura.

Por iso dende a nosa entidade decidimos ser proactivos e poñernos en contacto cos servizos sanitarios, cos seus profesionais, confiámos na súa alta capacitación, na súa total implicación co paciente e o seu compromiso por unha asistencia máis humana e accesible. Desta posta en común xorde o **Programa de Mellora da Asistencia Sanitaria da Federación Autismo Galicia**, dotado de

proxectos e actividades que, na maior parte dos casos son froito da colaboración cos profesionais da saúde. Precisamente das súas achegas, se revela como unha necesidade a de dotarse de coñecemento e ferramentas para mellorar a comunicación co paciente con TEA, que lles permitan derrubar obstáculos e barreiras que impiden unha atención integral e de calidade, satisfactoria para o paciente pero tamén para o profesional no exercicio do seu traballo.

Neste contexto xorde a oportunidade de contribuír á mellora da asistencia achegando, dende a Federación Autismo Galicia, a experiencia e coñecemento sobre os TEA e sobre as dificultades que poden interferir na atención sanitaria, ofrecendo unha guía sobre medidas que se poden adoptar e que contribuírán á mellora da comunicación entre pacientes con TEA, ás súas familias ou acompañantes e os profesionais da saúde.

As veces, pequenas doses de coñecemento, procuran excelentes resultados, por iso sen ser exhaustiva esta guía sobre a comunicación co paciente con TEA pretende achegar unha dose axustada a través dos seguintes contidos:

- O paciente con TEA.
- Accesibilidade ao paciente con TEA: accesibilidade da asistencia, accesibilidade da atención.
- Recursos para saber máis.

## *“O que temos que aprender a facer aprendémolo facendoo”.*

Aristóteles

Esta achega de coñecemento é unha invitación a poñerse en marcha, reflexionar sobre a necesidade do paciente con TEA, ter unha visión integral do mesmo, aplicar certa dose de afectividade, ser comprensivo, informar, comunicar, escoitar, atender, acompañar, palabras tan ben expresadas polo Doctor Albert Jovell e aplicar en esta línea, un modelo de atención efectivo afectivo que sexa quen de contribuír á mellor asistencia sanitaria integral e converter, ao paciente con TEA, nun paciente autónomo e motivado no coidado da súa saúde de forma continua.

Dende o noso coñecemento sabemos que construíndo xuntos o sistema de coidados da saúde terá menos barreiras, será máis humano, máis accesible, máis cercano e mellor para todos: pacientes e profesionais da saúde.



# TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO


@lhaatrochez / unsplash

## O PACIENTE CON TEA.

Os trastornos do espectro do autismo (TEA) son alteracións complexas do desenvolvemento neurolóxico que se caracterizan por dificultades comunicación social, así como pola presenza de patróns repetitivos e restritivos de intereses, actividades e conduta, e hipo/hiperreactividade aos estímulos sensoriais.

Require unha abordaxe integral das necesidades da persoa, orientado a facilitar apoios individualizados, especializados e baseados na evidencia científica. Estas medidas de apoio deben ser transversais e xeneralizadas a todos os contextos sociais nos que se desenvolve a persoa. Así mesmo deben ser garantidos ao longo de todas as etapas da súa vida.

### DESENVOLVEMENTO TÍPICO





## As cifras.

As cifras de prevalenza 1 caso de TEA por cada 100 nacementos<sup>1</sup>.

1 de cada 54 nenos/as pode presentar TEA<sup>2</sup>.

As investigacións sinalan que o TEA presentase 4 veces máis no caso de homes que de mulleres.

Pero estes datos cuestiónanse , polo aumento de diagnósticos en nenas e mulleres que se están producindo nos últimos anos. As mulleres poden pasar desapercibidas, os resultados son significativos para sinalar que estas mulleres non están sendo identificadas ou que a súas características se enmascaran con outro trastorno, como depresión, ansiedade, trastorno de alimentación, etc.

1. Autism-Europe Aisbl 2015.

2. Centro de Control de  
Enfermidades de Atlanta,  
CDC 2020

## O ÁMBITO SANITARIO.

### Características da persoa con TEA que interfíren na atención sanitaria.

A contorna sanitaria xera certa sensación de incomodidade na poboación xeral, polo que non debería sorprendernos que as persoas con dificultades de comprensión do mundo que lles rodea, lles pareza extremadamente confuso e ameazante.

Polo que se refire ás persoas con TEA, as dificultades que determinarán en parte, a súa relación ca contorna sanitaria están as seguintes:

Aínda con linguaxe teñen problemas de comunicación, tanto verbal como non verbal. Na expresión, comprensión e uso.

Dificultades para relacionarse con outras persoas.

Dificultades para manter o contacto ocular.

As persoas con TEA poden ter graves dificultades para identificar síntomas, ou manifestar se teñen dor.

Resistencia aos cambios.

Apego pouco habitual a obxectos.

Salas de espera con moito ruído e moitas persoas, que provocan situacións de estres e ansiedade tanto na persoa como na familia.

As persoas con autismo poden presentar condutas verbais e motoras repetitivas, intereses restrinxidos e inflexibilidade cognitiva, que lles impide anticiparse e adaptarse ao entorno, o que pode dificultar a exploración médica.

Hiper/hiposensibilidade a estímulos sensoriais (sons, luces, olores, temperatura, texturas, etc.).

**Dificultades.**

### A saúde das persoas con TEA.

Podemos atopar con maior frecuencia problemas médicos asociados (alteracións neurolóxicas, dixestivas, dermatolóxicas, nutricionais, endocrino-metabólicas, oftalmolóxicas e orto-tramatolóxicas) ou patoloxías relacionadas co sistema nervioso central.

## Comorbilidade do tea con outros trastornos.

Unha alta porcentaxe (40-70 %) de persoas con TEA , terá ao longo da súa vida outro trastorno asociado que afectará de maneira significativa a súa evolución, prognóstico e evidentemente a súa intervención e atención sanitaria.

Existe un alto risco de coexistencia dos TEA con problemas de saúde mental como: trastornos do estado do ánimo, ansiedade, Trastornos psicóticos, Trastorno obsesivo-compulsivo (TOC), Trastorno por déficit de atención e hiperatividade (TDAH), alteracións de conduta alimentaria ou a Síndrome de Tourette.

## Condiciones médicas subxacentes.


O diagnóstico de calquera problema médico, en ocasións, terá que realizarse en función dos cambios que tivo a persoa no seu comportamento nese momento (valorando sinais como autolesións, testarazos, alteracións de sono, ecolalias, empeoramento do nivel de funcionamento previo.)

Os problemas de comportamento poderían ser de orixe físico, debería valorarse a busca de explicacións orgánicas. Non deben considerarse automaticamente atribuíbles á saúde mental ou problemas condutuais nin, de por si, inherentes ao TEA.

A dor e o malestar xerado pola enfermidades ou patoloxía médica pode afectar ao comportamento (autolesións, agresións, despertares pola noite, cambios no apetito, acenos ou posturas extranas) e ao procesamento cognitivo, producindo irritabilidade, alteracións do nivel de alerta/vixilancia e diminución da eficiencia do procesamento de información, podendo reducir a capacidade de atención e producindo desorganización, confusión, frustración, agresividade e problemas perceptivos<sup>3</sup>.



Os **comportamentos** que poderían explicar unha enfermidade ou dor subxacente serían:



---

Perda de habilidades adquiridas.

---

Cambio súbito de comportamento.

---

Irritabilidade ou desánimo.

---

Berrinches ou comportamentos oposicionistas.

---

Problemas de sono.

---

Cubrirse as orellas coas mans.

---

Cambio de apetito ou preferencia alimentaria.

---

Intensificación da ansiedade. Comportamentos de evitación.

---

Mecerse de maneira repetitiva ou movementos repetitivos novos.

---

Hipersensibilidade sensorial.

---

Rechinar os dentes.

---

Posturas ou búsqueda de presión nunha rexión específica.

---

Agresión, comportamentos agresivos.

---

Comportamento autolesivo: morderse, pegar ou moquetear a cara, darse testadas.

---

Comer/beber/tragar constantemente.

---

Acenos ou enrugados da fronte, acenos de dor, tics.

---

Comportamentos bucais: morder a roupa.

---

Comportamentos de repeniqueo, dedos na garganta.

---

Carraspear, deglutir con frecuencia.

---

Saloucar sen razón.

---

Expresións vogais: xemer, gruñir, suspirar, ximotear.

---

Axitación: camiñar dun lado para outro, dar un salto tras outro.

---

Pestanexo, gritos súbitos, dar voltas, mirada fixa.

Algunhas **condicións médicas** que poden causar síntomas condutuais en TEA serían<sup>4</sup>:

Dor de cabeza

Dor de oído

Dor de moas

Dor de garganta

Refluxo

Esofagite

Gastrite

Colite

Estrinximento con heces brandas ou duras

Sobrecrecemento de bacterias no intestino delgado

Lesión ou enfermidade muscoesquelética

Trastorno convulsivo

Trastorno alérxico

.....  
4. *Comorbilidades médicas nos trastornos do espectro autista.* Manual Básico para o persoal de atención de saúde.



## ACCESIBILIDADE NA ASISTENCIA.

A accesibilidade na contorna sanitaria é o grado de axuste entre as necesidades dos usuarios e os recursos de atención a saúde. Cando nos referimos os requisitos que debe cumprir a información e os procesos para que sexan accesible, referímonos a accesibilidade cognitiva.

Para mellorar a accesibilidade das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo e das súas familias pódense realizar diferentes medidas na contorna sanitaria.


Exemplos disto serían:

Espazos amables que non esten saturados por moita carteleira, consultas preferiblemente con luz natural e de non ser posible con luces non moi luminosas, sinalización das consultas con sinais sinxelas, como pode ser mediante pictogramas.




Espazos.

Establecemento de protocolos que faciliten ás persoas con necesidades de apoio no que se inclúan medidas como establecer profesionais de referencia, dispor de unha ficha que recolla a información sobre as características, dificultades e a comunicación do paciente, unificar as citas nun mesmo día.





## Atención individualizada.

Aplicación de medidas de accesibilidade e acompañamento no sistema sanitario: consideración dos profesionais aos pacientes con tarxeta dobre AA, por exemplo, ter en conta que poden ter dificultades en permanecer na sala de espera ou poden necesitar ir acompañados a determinadas probas.



## Accesibilidade.

Utilizar ferramentas que faciliten a consulta e a comunicación co paciente: como por exemplo, procesos de anticipación de como facer unha análise de sangue. Se pode dispoñer de estes recursos no listado que aparece o final da guía.







## Comunicación.

## Accesibilidade na atención ao paciente con TEA.

Cando temos pacientes con TEA, é importante a información que temos da persoa, a información que temos do seu familiar, tutor/a ou profesional que o acompaña e o seu grao de colaboración.

O persoal sanitario debe preparar e adaptar a consulta tendo en conta as características e necesidades do paciente con TEA e considerando que pode necesitar máis tempo do habitual para entender os pacientes con TEA.

DIFICULTADE	INTERVENCIÓN
POUCA TOLERANCIA ÁS SITUACIÓNS DE ESPERA	 <p>Asignar cita a primeira ou última hora do día, cando hai menos xente, ruído e os retrasos son menos probables. Facer que saiba canto tempo durará a consulta. Se pode utilizar un cronómetro en conta atrás ou contar de 1 o 10.</p>
ALTERACIÓNS SENSORIAIS AOS ESTÍMULOS DO ENTORNO (LUCES, RUÍDOS, OLORES...)	 <p>É importante eliminar a estimulación que pode interferir e provocar malestar na persoa. Observar os posibles estímulos presentes; intensidade luminosa da sala, ter en conta na exploración que hai moitas persoas que non toleran o contacto físico e teñen hipersensibilidade o tacto.</p>
RIXIDEZ NO PENSAMENTO E CONDUCTA, RESISTENCIA AOS CAMBIOS	 <p>Pode ser útil anticipar o lugar da exploración ou de intervención. Dar unha explicación previa de que se fará e que instrumentos se utilizarán na exploración ou intervención.</p>
AVERSIÓN A OBXECTOS ASOCIADOS A EXPERIENCIAS NEGATIVAS	 <p>Evitar obxectos, materiais, roupa que poidan xerar ansiedade. Por exemplo a bata.</p>
SINAIS DE ANSIEDADE (RETORCER AS MANS, BALANCEARSE OU MOVERSE COMPULSIVAMENTE) E DIFICULTADES ASOCIADAS AO COMPORTAMENTO	 <ul style="list-style-type: none"><li>- Facilitarlle obxectos que lle aporten tranquilidade e seguridade.</li><li>- Permitir descansos intermitentes facilitará a colaboración e reducirá a súa ansiedade.</li><li>- Se fose necesario deixar que interveña a persoa que o acompaña e o coñece.</li><li>- Pedir axuda a outras persoas solo si se precisase.</li><li>- Dar tempo a persoa con TEA para que se recupere.</li><li>- Se se produce unha crise despear a contorna de obxectos perigosos.</li></ul>

# Estratexias básicas de intervención na comunicación co paciente.

## DIFICULTADE NA EXPRESIÓN DA LINGUAXE

### INTERVENCIÓN

Interpretar os intentos comunicativos do paciente (por ex: si se toca moito o oído).

Se utiliza un SAAC para na comunicación preguntar a familia se pode facilitarnos recursos ou un panel de comunicación da dor.

## DIFICULTADES DE COMPREENSIÓN

### INTERVENCIÓN

Preséntese e diga que perfil profesional ten.

Capte a atención do paciente (por ex: pode preguntar por os seus intereses).

Comúnquese de forma predecible.

Ao dirixirse ao paciente evitar demasiados tecnicismos, dedicarlle o tempo necesario para explicarlle o que sexa necesario e que comprenda a súa enfermidade e tratamento.

De tempo para responder.

Uso de preguntas cerradas.

Evite fala excesiva. A linguaxe debe ser precisa para evitar que o paciente perda información.

Volume baixo, pronunciación clara, adaptado a comprensión.

Utilice tempos verbais en activo: “vanche a facer estas probas en..” en vez de “estas probas realizaranse no el hospital clínico”.

Evite termos abstractos, dobres sentidos, metáforas, linguaxe coloquial... Por exemplo “Tome a medicación con comida” Podemos estar indicando que é sempre que come.

Asegúrese que o paciente entendeu (por ex: utilización de preguntas abertas, cambiando a pregunta, o preguntando que se lle preguntou).

Utilice datos temporais para facilitar o recordo (por ex: eventos familiares).

De instrucións e pautas por escrito.

Dar instrucións fronte a cara, instrucións directamente observables e directas: “sube á báscula” en lugar de “¡arriba!”.

Pode axudar secuenciar ou ir narrando o que se vai a facer, e mostrar unha actitude calmada e receptiva.

Intentar anticipar mediante palabras ou, si fose necesario, mediante material gráfico, que tipo de probas ou exploracións se van a realizar.

Se non entende o que se lle pide, facer de modelo para que o imite (por ex.: pesarse primeiro para que despois o faga el) ou guiar a persoa fisicamente.

## Outras recomendacións.

Reforzar y premiar calquera esforzo.

En ocasións, facilítase información xeral sobre dietas ou recomendacións de saúde para o paciente. Sería unha boa práctica que esa información se realice por escrito, que fose un material en lectura fácil ou con unha información clara e comprensible.

Sería recomendable que o doutor ofrecese unha folla resumen co diagnóstico da visita, o tratamento que o paciente ten que realizar, o horario da medicación, etc.



## Algunhas observacións para ter en conta na contorna sanitaria.

**1** Facilitar soportes que permitan ao paciente coñecer se a atención do doutor vai en hora ou con atraso, así como as quendas.

**2** Identificar ben o nome do médico que atende detrás de cada porta.



## Outras modalidades de atención.

Entre as modalidades de atención ao paciente, a telefónica é de uso habitual polo que debemos prestar especialmente a se o paciente con TEA pode adaptarse.

No caso das persoas con TEA, poden atopar dificultades para concertar, modificar, anular, ou desenvolverse nunha cita telefónica, ocasionándolle estrés e ansiedade.



### RECOMENDACIÓNS PARA A ATENCIÓN A PERSOA POR TELÉFONO

Identificarse co nome e co perfil profesional.

Falar de forma clara, ter en conta que a persoa pode ter dificultades na comprensión.

Algunhas persoas poden necesitar máis tempo para procesar a información que se lles transmite. É necesario dar tempo para que a persoa poida expresarse.

Respectar os momentos de silencio.

Repetir opcións a persoa para que lle queden claras.

Preguntar se o entendeu ben ou se necesita que llo repitan

Intentar illar os ruídos da contorna para que a persoa poida escoitar ben.

Utilizar palabras que entenda a persoa coa que falas.



### RECOMENDACIÓNS SE A PERSOA TEN QUE ANOTAR DATOS

É importante dar tempo a coller un papel e un bolígrafo. Pode ser útil preguntar previamente a modo de anticipación, se ten a man un papel e un bolígrafo co que apuntar.

Para que a persoa poida escribir toda a información é necesario facilitar tempo.

Pódese valorar a posibilidade de utilizar outros medios como o correo para o envío de información, resolución de dúbidas, etc.

Coa hora da cita, mellor dicir 7:30 da tarde, que 19:30 h.



## BIBLIOGRAFÍA E RECURSOS



### INFORMACIÓN NA REDE

#### **autismogalicia.org**

Información sobre TEA e Saúde, secuencias visuais para procedementos sanitarios, vídeos procedementos sanitarios (EEG, revisión de odontoloxía en pediatría, extraccións de sangue...)

#### **esaude.sergas.es**

Materias de información sobre o TEA, e recursos dirixidos á profesionais e coidadores). Federación Autismo Galicia- Sergas.

#### **autismo.org.es**

#### **autismeurope.org**

#### **arasaac.org**

Portal Aragonés de Comunicación Aumentativa e Alternativa

#### **pictotraductor.com**

Tradutor de comunicación baseada en pictogramas

#### **doctortea.org**

Web de anticipación, de espazos, consultas, procedementos e especialistas para mellorar a accesibilidade na contorna sanitaria.

#### **hospitaldefuenlabrada.org/tea teayudamos.php**

Teayudamos é un programa do Hospital Universitario de Fuenlabrada (H.U.F) destinado, principalmente, á poboación infantil susceptible de beneficiarse do uso de comunicación aumentativa.



### APLICACIÓNS DE INTERESE

**PictoDroid Med:** destinada á comunicación en contornas médicas.

**ComunicaTea:** adaptación visual do hospital (Hospital del Sureste).



## RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS

### ACCESIBILIDADE COGNITIVA

*Comprendo o meu entorno: Manual de accesibilidade cognitiva para persoas con autismo.* Federación Autismo Galicia: [autismogalicia.org](http://autismogalicia.org)

### COMUNICACIÓN CO PACIENTE

Jiménez, C.L, Domínguez, F. (2007). *Protocolo sanitario para pacientes con autismo.* Federación Autismo Galicia. SERGAS. [www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

*Maremagnum: Saúde e Autismo.* Publicación galega sobre o trastorno do espectro do autismo. Federación Autismo Galicia. [www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

*Guía de práctica clínica para o manexo de pacientes con TEA en Atención Primaria.* Ministerio de Sanidade e Política Social.

*Comorbilidades médicas nos trastornos do espectro autista.* Manual Básico para o persoal de atención de saúde. Treating Autism, ESPA Research, Autism Treatment Plus.

*Guía de práctica clínica para o manexo de pacientes con TEA en Atención Primaria.* Junta de Castilla y León. Xerencia rexional de saúde.

*Guía para persoas con autismo no ámbito sanitario.* Federación Autismo Andalucía.

*Protocolo para que as persoas con autismo poidan usar mellor o sistema sanitario público de Andalucía.* Federación Autismo Andalucía.

*Guía práctica para facilitar o acceso a unha asistencia sanitaria adecuada para as persoas con Trastorno do espectro do autismo.* Manual básico para profesionais sanitarios e non sanitarios de atención primaria. CERMI Madrid.

*Guía de atención a persoas con TEA en Urgencias.* Federación Autismo Castilla y León.

*Caderno de comunicación co paciente CEAPAT Ceapat- Imsero.*

*Comorbilidades médicas nos trastornos do espectro autista.* Manual básico para o persoal de saúde e formuladores de políticas. Treating Autism, ESPA Research, Autism Treatment Plus.

Aull, E.; (2013). *The Parent's Guide to the Medical World of Autism: Diagnosis, Medications & Treatments.* Arlington, TX, Future Horizons, Inc.

Morton-Cooper, A. (2004). *Health care and the autism spectrum: A guide for health professionals, parents and carers.* London, Jessica Kingsley Publishers.

Volkmar, F. R., & Wiesner, L. A. (2004). *Healthcare for children on the autism spectrum: a guide to medical, nutritional, and behavioral issues.* Woodbine House Inc.



**APA CASTRO NAVAS**  
Rúa Navás (Priegue) nº11  
36391 Nigrán (PONTEVEDRA)  
986 365 558  
castronavas@menela.org



**APA CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL MENELA**  
Camino da Veiguiña nº 15 (Alcabre)  
36212 Vigo (PONTEVEDRA)  
986 240 703



**APA MECOS "Os Mecos"**  
Rúa Almirante Fontán, Vilaxoán Nº 11  
36611 Vilanova de Arousa (PONTEVEDRA)  
986 909 982  
apamecos@hotmail.com



**APACAF**  
Rúa Placer nº 5, 3ºB  
36202 Vigo (PONTEVEDRA)  
986 226 647 / 986 587 475  
info@apacaf.org  
www.apacaf.org



**ASPANAES**  
Camino de la Iglesia 40 b  
15009 A CORUÑA (A CORUÑA)  
981 130 044  
administracion@aspanaes.org  
www.aspanaes.org



**ASPERGA**  
Avenida de Oza Nº 240, 1º  
15006 A Coruña (A CORUÑA)  
881 917 318 - 633 283 164  
asperga@asperga.org  
www.asperga.org



**AUTISMO VIGO**  
Avenida Camelias 108 - oficina 2  
36211 Vigo (PONTEVEDRA)  
986 437 263  
autismovigo@gmail.com  
www.autismovigo.org



**CAPACES LUGO**  
Rúa Monte Faro nº 2 Baixo,  
local 1, Casa Poeta Maria Mariño  
27003 Lugo (LUGO)  
619 170 890  
capaceslugo@gmail.com  
www.capaceslugo.gal



**FAMILIAS AZUIS**  
Rúa Oriente nº 8  
36860 Ponteareas (PONTEVEDRA)  
671 496 458  
familiasazuis@gmail.com



**FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA**  
Rúa Rodriguez de Viguri 35 baixo  
15703 Santiago de Compostela (A CORUÑA)  
981 589 365  
info@autismogalicia.org  
www.autismogalicia.org



**FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA**  
Rúa Camino de la Iglesia 40 baixo  
15009 A Coruña (A CORUÑA)  
981130553  
info@autismocoruna.org  
www.autismocoruna.org



**FUNDACIÓN MENELA**  
Rúa Marqués de Alcedo 19  
36203 Vigo (PONTEVEDRA)  
902 502 508/ 986 423 433  
fundacion@menela.gal  
www.menela.gal



**FUNDACIÓN TUTELAR CAMINO DO MIÑO**  
Rúa Xoanelo 2  
36202 Vigo (PONTEVEDRA)  
986 222 023 / 902 502 508  
fundacion\_tutelar@cmiño.org /fundacion@menela.org



**POR ELES TEA**  
Rúa Ramón y Cajal nº 6 bajo.  
Ourense (OURENSE)  
988 701 658  
peteaou@peteaou.org  
www.peteaou.org



**TEAVI**  
Rúa Coruña 44 bajo  
36208 Vigo (PONTEVEDRA)  
986414346  
teavi.teavi@gmail.com  
www.asteaviasociacion.blogspot.com



**TRASCOS**  
Rúa Santo Domingo 35, entresuelo 1  
32003 Ourense (OURENSE)  
988 049 632 / 655 902 026  
asociaciontrascos@gmail.com



**UN MAIS**  
Rúa Antero Rubín 17- 4º esq  
36700 Tui (PONTEVEDRA)  
677 602 011  
asociacion.unmais@gmail.com  
www.unmais.es



## Atención Sanitaria e Saúde

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA



**autismogalicia.org**

Sede social de Federación

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

Centro de recursos

Rúa Rodríguez de Viguri, 35  
15703 Santiago de Compostela

Tel. +34 **981 589 365**

**info@autismogalicia.org**

**CG**  
autismogalicia

 **SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE**